

**FICHA PARA APRESENTAÇÃO DE UMA PERGUNTA COM  
PEDIDO DE RESPOSTA ESCRITA (artigo 130.º)**

**Escolher apenas um destinatário:**

- PRESIDENTE DO CONSELHO EUROPEU                       CONSELHO  
 VICE-PRESIDENTE / ALTA REPRESENTANTE               COMISSÃO

Pergunta escrita prioritária

AUTOR(ES):                      Lúcia SENRA RODRÍGUEZ

ASSUNTO:  
(especificar)                      Unlla de gato e Herba da Pampa na Lanzada (Sanxenxo)

## TEXTO:

A uña de gato (*Carpobrotus edulis*) e a Herba da pampa (*Cortaderia selloana*) son plantas que, polo seu potencial colonizador, constitúen unha ameaza grave na Galiza, motivo polo cal foron incluídas no Catálogo Español de Especies Exóticas Invasoras polo Real Decreto 630/2013 de 2 de agosto.


No concello de Sanxenxo, a praia da Lanzada encóntrase rodeada por unha bela contorna natural de dunas protexida dentro da Rede Natura 2000. Nela hai hábitats especiais, dunha gran diversidade tanto en flora como en fauna, pero as plantas invasoras mencionadas propician que as autóctonas vexan reducida a área xeográfica de crecemento.

Os programas impulsados para a súa erradicación non están funcionando e as invasoras proliferan de forma profusa por dunas e accesos a praias. Ademais, os produtos químicos cos que se intentan queimar esas plantas, ao aplicarse en lugares en contacto directo co mar, constitúen un risco alto de contaminar as augas.

Contempla a Comisión que se inclúa a uña de gato e a herba da pampa na Lista de especies exóticas preocupantes para a UE?

Que protocolos se deberían de seguir contra as invasoras en Rede Natura?

Assinatura(s):



Data:  
04/04/2019